



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA N° 97 /2016, DO 9 DE MARZO.

Por resolución de Alcaldía n° 70/2016, de 24 de febreiro se teñen aprobado as bases elaboradas para a contratación laboral temporal mediante concurso dun/dunha axente de emprego e desenvolvemento local coa finalidade de substituír á titular da praza no período que dure o seu permiso de maternidade.

Nas indicadas bases establécese na cláusula cuarta que *“O Concello solicitará traballadores para o posto de AEDL que se pretende cubrir, mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na oficina pública de emprego, facendo referencia aos requisitos que debe reunir o traballador que se contratará. Neste procedemento non se admitirán as solicitudes dos/as interesados/as que non fosen previamente seleccionados pola Oficina de Emprego.”* fixándose como data límite para a presentación de instancias o 3 de marzo de 2016.

Por resolución da alcaldía 90/2016, de 4 de marzo aprobouse a lista de persoas admitidas e excluídas ó proceso selectivo e convocouse ó tribunal para o día 8 de marzo de 2016 para a calificación dos méritos achegados para concurso.

Vista a acta do tribunal de 8 de marzo de 2016 na que se fai constar, entre outros aspectos, a valoración dos indicados méritos co seguinte resultado:

NOME	DNI	EXPERIENCIA ADMN LOCAL	EXPERIENCIA AAPP	EXPERIENCIA EMPRESA PRIVADA	CURSOS	IDIOMA GALEGO	TOTAL
Rodríguez Buño, Carmen María	32.808.497-D	0	0	2,4	0,20	0,5	3,1
Mira Suárez, Xulia	79.312.080-F	0	0	0,9	0	0,5	1,40
López Paz, Ana Isabel	79.324.128-A	0	0	0	0,55	0,5	1,05
Canto Montáns Fco Javier	32.804.821-J	0	0	0	0,5	0,5	1
Mallo Luna, Verónica	75.896.183-R	0	0	0	0,5	0,5	1
Talbo Garrido, Manuel Ángel	32.810.780-S	0	0	0,3	0	0,5	0,80
Freire Álvarez, Dosinda	79.326.926-H	0	0	0	0,25	0,5	0,75
Rodríguez Esmorís, Ana Ivete	79.324.609-R	0	0	0	0,25	0,5	0,75
Gerpe Silveira, Cristina	79.338.155-T	0	0	0	0,05	0,5	0,55

Calvete Liñares, Mónica	32.826.385-A	0	0	0	0	0,5	0,5
-------------------------------	--------------	---	---	---	---	-----	-----

Visto que na indicada acta o tribunal concluía “*propoñer ao Sr. Alcalde que proceda a adxudicar a praza de axente de emprego e desenvolvemento local a dona Carmen María Rodríguez Buño*”

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: adxudicar a praza de axente de emprego e desenvolvemento local a dona Carmen María Rodríguez Buño, con DNI 32.808.497-D, outorgándolle, de conformidade e nos termos establecidos na cláusula novena das bases, un prazo de 3 días contados a partir do día seguinte da publicación da proposta de selección no taboleiro de Edictos e na páxina web municipal para presentar a documentación que xustifique as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na cláusula terceira das bases de selección.

SEGUNDO: de conformidade coa cláusula oitava das bases, formar unha bolsa de traballo cos aspirantes que non foron seleccionados na orde de puntuación obtida polos mesmos.

TERCEIRO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello (www.cabana.gal) de conformidade co previsto nas bases de selección.


Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o nove de marzo de dous mil dezaséis, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,



Asdo.: José Muño Domínguez.

A Secretaria,



Asdo.: Paula M. Suárez Cotelo.